

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24 DE NOVEMBRO DE 2014.**

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.


1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Quedou pendente para un mellor estudo.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER licenza de obra** para vivenda unifamiliar e cerramento de finca no lugar de Carracedo nº 19 na parroquia de Soutolongo, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 13/11/14 por importe de 3.696 euros en concepto de ICIO.

2.2.- Acordouse **CONCEDER licenza de obra** para acondicionamento de local para uso de Carpintería metálica na Avda. de Ourense, 31, baixo, Lalín e aprobar a liquidación



Secretaría Xeral

realizada pola Intervención Municipal de data 18/11/14 por importe de 345 euros en concepto de ICIO.

2.3.- Acordouse CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA para vivenda unifamiliar sita no lugar de Palmaz, 4 - Goiás, de Lalín.

3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse CONCEDER licenza de actividade para instalación de explotación avícola con sistema de explotación (1ª fase) sita en Castiñeira, parroquia de Lebozán, de Lalín.

3.2.- Acordouse CONCEDER licenza de actividade para invernadoiro para cultivos hortícolas, na parcela sita no lugar da Xesta, parroquia da Xesta, Lalín.

4.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.

4.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para peche de parcela no lugar de Carretera, parroquia de Vilatuxe, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 13/11/14 por importe de 112,50 euros en concepto de ICIO.


4.2.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para cobertura de tella, limpeza e rexuntado de pedras da fachada na casa nº 1 da Avda. de Cruces, Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 18/11/14 por importe de 88,78 euros en concepto de ICIO.

5.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE.

5.1.- Acordouse a eficacia da comunicación previa do cambio de titularidade do local sito na Avenida Luis González Taboada, 7, de Lalín.

5.2.- Acordouse a eficacia da comunicación previa do cambio de titularidade do local sito na rúa D, nº 33, Lalín.

6.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.



6.1.- Acordouse **aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico municipal** sobre información urbanística relativa a varias parcelas e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 19/11/14 en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 100 euros.

7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

7.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA O CONCELLO DE LALIN” (CSU072014)**, mediante procedemento negociado, sen publicidade, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 39.700,93 €, máis a partida de 8.337,20 € correspondente ao IVE e un prazo máximo de 15 días.

8.- FACTURAS E CONTAS.

8.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de **36.566,47 €**.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse solicitar á empresa **Unión Fenosa Distribución, S.A.**, que adopte as medidas necesarias para evitar que no futuro se produzan cortes de subministro de enerxía eléctrica nas parroquias de Vilatuxe, Lebozán, Doade, Xesta e Vilanova deste Concello de Lalín e remitir o acordo á empresa concesionaria e poñer en coñecemento da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra a fin de que pola súa parte tome as medidas necesarias para solucionar ditas anomalías.

9.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 8.586,48 € máis a partida de 1.803,16 € correspondente ao IVE, con destino á **substitución do céspede artificial das dúas pistas de pádel do edificio polideportivo multiusos municipal**, e contratar coa empresa **KAIZEN MANAGEMENT, S.L.** a realización da citada subministración.

9.3.- Acordouse **conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía** número 09/2014.



9.4.- Acordouse a **INCLUSIÓN no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas** de unha persoa beneficiaria.

9.5.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos de persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, no período comprendido entre o 01/01/2014 e o 31/10/2014 por importe de **100.807,98 €** e remitir á mesma á Consellería de Traballo e Benestar, para a oportuna xustificación da axuda concedida.


10.- CORRECCIÓN DE ERROS.


10.1.- Acordouse **corrixir o erro** padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 3 de novembro de 2014, 5.2. expedientes de contratación.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Acordouse autorizar o peche da Avda. Bos Aires, desde o número 32 ata o 56, o domingo día 15 de febreiro de 2015 dende as 12 horas do mediodía ata a mañá do luns 16 de febreiro de 2015, os dous incluídos, así como montar unha carpa na rúa durante este tempo debido á posibilidade de mal tempo e ter que suspender a festa e para as seguintes actividades: *Animación na rúa, saída dos cacharelos, degustación na rúa de postres tradicionais do Antroido e realización dunha verbena popular pola noite amenizada cun grupo musical.*

=====





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O